

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

5438 *Real decreto 340/2014, do 9 de maio, polo que se establecen disposicións en relación coa asistencia aos controis oficiais en establecementos de produción de carne fresca de aves de curral e de lagomorfos.*

O Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización dos controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, regula as actuacións dos veterinarios oficiais e dos auxiliares oficiais nos matadoiros e faculta os Estados membros para permitir que, baixo determinadas condicións establecidas polo propio regulamento, algunha das funcións destes últimos sexan desempeñadas polo persoal destes establecementos, prestando así asistencia nos controis oficiais.

Así, no número 6 do seu artigo 5 establece que os Estados membros poderán permitir que membros do persoal do matadoiro presten asistencia nos controis oficiais mediante a realización de determinadas funcións específicas en relación coa produción de carne de aves de curral e lagomorfos, baixo a supervisión do veterinario oficial. Neste caso, o persoal que leve a cabo esas tarefas deberá estar cualificado e recibir unha formación mínima de acordo co establecido no propio regulamento, actuar con independencia do persoal de produción e informar de calquera deficiencia o veterinario oficial.

Este real decreto ten por obxecto establecer as condicións e os requisitos que se deben reunir para autorizar a participación do persoal dos matadoiros en funcións específicas, en relación co control da produción de carne de aves de curral e de lagomorfos, fixando as condicións xerais para implantar este sistema, a cualificación e a formación do persoal asistente e as condicións para conceder tal autorización.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, así como as cidades de Ceuta e Melilla, os sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 9 de maio de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as condicións e os requisitos para a autorización da participación, como asistentes, do persoal dos matadoiros en funcións específicas en relación co control da produción de carne de aves de curral e de lagomorfos.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para efectos deste real decreto, enténdese por asistente o persoal cualificado do establecemento que, actuando con independencia do persoal de produción e baixo supervisión do veterinario oficial, presta asistencia nos controis oficiais mediante a realización de determinadas funcións específicas.

2. Serán de aplicación, para os efectos previstos neste real decreto, as definicións recollidas na normativa vixente aplicable e, en particular, as recollidas no Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

Artigo 3. Condicións xerais para a autorización da participación como asistentes do persoal dos matadoiros.

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas poderán autorizar, no seu ámbito territorial, que o persoal dos matadoiros preste asistencia nos controis oficiais mediante a realización de determinadas funcións específicas en relación coa produción de carne de aves de curral e lagomorfos, baixo a supervisión do veterinario oficial, nos termos establecidos no Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004. Esta autorización deberase comunicar á Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición.

2. As autoridades competentes das comunidades autónomas que autoricen a participación de asistentes velarán por que tanto os establecementos beneficiarios da dita autorización coma o persoal identificado para desempeñar as funcións de asistente cumpran o establecido no capítulo III da sección III do anexo I do Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

3. O persoal que exerza como asistente deberá estar formado e cualificado conforme o establecido no artigo 4, actuará con independencia do persoal de produción e exercerá as súas funcións baixo a supervisión e dirección do veterinario oficial, que será responsable del, a quen informará de calquera deficiencia.

4. As actividades dos asistentes serán supervisadas polo veterinario oficial, quen realizará exames de avaliación periódicos para determinar se a actividade do persoal se axusta aos criterios establecidos e deixará constancia documental de tales exames.

5. Este persoal deixará de desempeñar funcións de asistente se o seu traballo menoscaba o nivel de hixiene no establecemento, se non desempeña as súas funcións correctamente ou se, en xeral, efectúa o seu traballo dunha maneira que, en opinión da autoridade competente, non sexa satisfactoria.

Artigo 4. Cualificación e formación do persoal asistente.

1. O persoal que actúe como asistente deberá dispor da formación necesaria e acorde co desempeño das funcións específicas que lle sexan asignadas segundo a súa cualificación ou categoría profesional e actualizar os seus coñecementos.

2. A formación dos asistentes acreditarase mediante a posesión dun título de formación profesional, ou dun certificado de profesionalidade, ou ben dunha certificación recoñecida pola autoridade competente que permita acreditar que se reúnen os requisitos de formación exixidos pola normativa. Esta acreditación terá validez en todo o territorio nacional.

3. Os contidos da formación teórica así como da parte práctica dos asistentes corresponderanse, polo menos, co establecido no anexo I, sección III, capítulo IV, parte B, punto 5) do Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, ben que a autoridade competente de control oficial poderá reducir a formación teórica e práctica dos asistentes a aquela estritamente necesaria para o desenvolvemento das funcións que teña asignadas.

4. Esta formación será promovida e levada a cabo baixo a responsabilidade dos titulares dos matadoiros. Os titulares dos matadoiros proporán unicamente persoal que poida garantir que está debidamente cualificado e formado conforme este real decreto.

Artigo 5. Condicións para a autorización específica da participación de asistentes.

1. Os titulares dos matadoiros que desexen implantar este sistema de participación de asistentes presentarán á autoridade competente o seu plan de actuación e integración no sistema de análise de perigos e puntos de control crítico. Este plan recollerá, entre outros, os seguintes aspectos respecto do persoal destinado a prestar asistencia:

- a) Asignación de tarefas.
- b) Imparcialidade.
- c) Formación específica segundo as tarefas asignadas.

2. Previamente á autorización, a autoridade competente revisará as condicións recollidas no plan do establecemento solicitante, así como a acreditación por parte do matadoiro de que a formación do persoal asistente resulta adecuada.

3. Para conceder a autorización que permita o uso de asistentes ao control na produción de carne de aves de curral e lagomorfos, a autoridade competente, ademais, deberá avaliar a capacidade do establecemento para cumprir os requisitos exixidos tendo en consideración, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Cumprimento durante ao menos os últimos doce meses das boas prácticas de hixiene sinaladas no número 4 do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, e correcta e eficaz implantación de procedementos baseados no sistema de análise de perigos e puntos de control crítico.

b) Historial do establecemento en canto ao cumprimento dos requisitos normativamente establecidos.

c) Dispoñibilidade de rexistros de produción e inspección fiables que permitan valorar a eficacia do sistema antes e despois da súa implantación.

d) Tipo de animais sacrificados, tipo de carnes e produtos con que se traballa e actividades desenvolvidas en canto ao risco que poidan supor.

e) Coñecementos técnicos especializados.

4. Se o establecemento deixa de cumprir os requisitos exixidos, a autoridade competente revogará a autorización concedida para a implantación deste sistema nel.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2014.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ANA MATO ADROVER